

CIRCULAR 194-2025.**II CIRCUITO GALEGO DE LANZAMENTOS LONGOS**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio do Concello de Ordes, o Circuito Galego de Lanzamentos Longos masculino e feminino 2026.

Art.2).- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licencia en vigor pola F.G.A.

- Nas probas que se celebren durante os meses de novembro e decembro, autorízase aos atletas que cambian de categoría na seguinte tempada, a participar cos artefactos autorizados da categoría inmediatamente superior. Inclúe atletas Sub 14 que pasan a Sub 16.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> nos prazos recollidos no regulamento particular de cada xornada.

- No caso de realizar inscrición en máis dunha proba, deberase indicar "P1" nas observacións da proba prioritaria.

Art. 4).- Calendario do circuito e programa.

DATAS	PROBAS					
	DISCO		MARTELO		XAVELINA	
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.
11/01/26	✓	✓	✓	✓	✓	✓
18/01/26	✓	✓	✓	✓	✓	✓
22/04/26	✓	✓	✓	✓	✓	✓
17/06/26	✓	✓	✓	✓	✓	✓
12-13/12/26	✓	✓	✓	✓	✓	✓

- As cinco xornadas celebraranse na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes, A Coruña): <https://maps.app.goo.gl/ZuUyauSkTTv6dCir6>
- No caso de ampliarse o número de xornadas que conforman o circuito, modificarase o presente documento.

Art. 5).- Preferencias na admisión.

1ª Xornada	Máster	Mellores marcas
2ª Xornada	De Sub 16 a Sénior	Mellores marcas
3ª Xornada	Sub 16	Mellores marcas
4ª Xornada	De Sub 18 a Sénior	Mellores marcas
5ª Xornada	-	De menor a maior marca

- A preferencia non exclúe a participación de atletas doutras categorías.
- Nas "probas prioritarias" terán preferencia os atletas segundo o recollido na táboa anterior.
- Naquelas probas que non sexan prioridade para o atleta, terán maior preferencia na admisión aqueles atletas que non teñan acadada praza nunha primeira proba.

Art.6).- Número de intentos:

- Grupo A
 - Terán todos 3 intentos e, as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, disporán doutros 3 intentos de mellora.
- Grupo B
 - Terán todos 3 intentos, sen mellora.

Art.7).- Entrega de premios.

- Entregarase, na Gala da FGA, un trofeo á mellor marca masculina e feminina de cada especialidade, independentemente da categoría e peso do artefacto.

A Coruña, a 10 de decembro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo